



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

ORGANIZARSE PARA CAMBIAR A DINÁMICA

Dende a CIG estamos a manter diversos contactos cos sindicatos críticos coa estratexia de Telefónica.

Para o noso sindicato é esencial discutir e acordar unha **táboa reivindicativa** que centre de maneira precisa os obxectivos irrenunciáveis, sen que isto supoña perda da autonomía de ningunha organización. Este exercicio non debe ser só tarefa dos sindicatos, senón que é preciso que o cadro de persoal sexa tamén protagonista.

Ao noso entender é fundamental centrar os nosos esforzos en:

- **Defender o emprego en Telefónica** | Oporse aos despedimentos.
- **Defender as condicións laborais e económicas e os dereitos normativos** | Oporse á desregulación e ás relacións laborais individuais: Nova Clasificación Profesional e dobre escala salarial.
- **Defender a Negociación Colectiva** | Rexeitar e rematar coa Negociación Permanente.

Se o cadro de persoal concorda con que estes obxectivos son realmente os importantes e o sindicalismo crítico os adopta como propios, existe unha gran posibilidade de modificar a dinámica actual na que todas as regras de xogo as pon a dirección da empresa e que vai encamiñada claramente a liquidar emprego de calidade, transformando a actual organización nunha empresa exclusivamente de xestión, cunhas novas condicións económicas e laborais para os poucos traballadores que considere imprescindibles.

É especialmente necesario **recuperar a Negociación Colectiva** e o seu espírito, que basicamente consiste nunha participación real do cadro de persoal na discusión e toma de decisión sobre os temas que lle atinxen e afectan e van determinar o seu futuro. Se queremos cambiar a dinámica é necesario esixir participación (**Asembleas de Comité**) e non permitir que se tomen decisións á marxe dos traballadores (**Referendo formal**).

PODEMOS CONSTRUIR UNHA ALTERNATIVA AOS PLANS DA EMPRESA

NON PERMITAMOS QUE NOS EXPROPIEN OS NOSOS DEREITOS

TI TAMÉN ES RESPONSABLE. TOMA PARTIDO E PARTICIPA

A CIG sempre na defensa dos teus dereitos !!!

Galiza, 15 de febreiro de 2010

www.cigtelefonica.com